


Práctica disección dun ril

1. Fundamento teórico

Os riles son un par de órganos duns 10 cm de lonxitude nos humanos (20 cm aprox. no caso das vacas), de cor pardo avermellado, que se atopan na parte posterior da cavidade abdominal a ambos os dous lados da columna vertebral.

Cada ril está formado pola cápsula fibrosa, ou membrana que envolve o ril; a cortiza, con numerosas granularidades vermellas; a medula, de aspecto raiado, cuxas estrías se agrupan en paquetes ou pirámides; e a pelve renal ou cavidade recollidora.



2. Objetivo

O obxectivo desta práctica é a exploración externa e interna dun ril, con disección e identificación das partes máis importantes observables a simple vista, como a arteria e a vea renal, o uréter e as distintas zonas internas do órgano; ademais de acostumarse a manexar o material e os métodos propios da disección.

3. Material

Ril de terneira	Bandexa de dixección
Bisturí	Luvas de látex
Pinzas	Agua osixenada
Tesoiras	Pipeta

4. Procedimiento

1º Retírase o exceso de graxa (se fose necesario) e obsérvase a súa morfoloxía externa (cor, **cápsula renal**, **vea renal**, **arteria renal**, **uréter**...).



2º Identificamos o **hilio renal** e despois colocamos o ril sobre a cubeta de disección, procedendo a realizar un corte na cara oposta ao hilio. Este corte debe ser suficiente para abrir o ril pola metade, pero recoméndase non cortalo de todo.



3º Unha vez aberto, procédese a observar a súa anatomía interna, identificando estruturas como a **codia renal**, a **medula renal** e a **pelve renal** (cálices menores e cálices maiores).

4º Sobre a superficie fresca botamos un pouco de auga osixenada. Enseguida producírase unha efervescencia. Máis tarde, cando pasen uns segundos e o efecto desapareza, eliminámolo pasando o dedo ou calquera obxecto que retire a espuma da superficie. Na medula renal poderanse observar os **túbulos colectores** e as **asas de Henle**. Na cortiza poderanse ver uns puntos que corresponden cos **glomérulos**.

5º (Opcional) Cortar un lóbulo do ril, abrílo en dous e botarlle auga osixenada a unha das caras. Despois, colocar a mostra nunha placa de Petri, retirar a espuma e observar coa lupa.